

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN CASTELAO PARA DIFUSIÓN, ESTUDO E PRESERVACIÓN DA OBRA DE ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Miguel Anxo Seixas Seoane, con DNI número 33247520P, na súa condición de presidente da Fundación Castelao con CIF número G15099252 e domicilio social na rúa do Hórreo, 37 baixo, local 8, 15701, en Santiago de Compostela que actúa no nome e en representación da devandita fundación, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.



2. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.
3. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.
4. Que as fundacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor de contribuír ao desenvolvemento e difusión da lingua e da cultura galegas. Concretamente, a Fundación Castelao creada no ano 1984 e declarada de interese galego con carácter cultural no ano 1985, ten como finalidade manter a lembranza viva da ilustre personalidade de Castelao, como home polifacético –artista, escritor, político- e nomeadamente como paradigma ético, nunha vida entregada ao servizo de Galicia. Que esta fundación realiza labores de estudo e investigación cos que se pretende esclarecer e explicar con rigor intelectual aspectos da vida e da obra gráfica e literaria de Castelao, para poñer en valor a súa capacidade analítica tanto no eido social como no político e cultural que o fai merecedor dun posto destacado entre os creadores da Galicia do porvir.
5. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente poderá levalas a cabo a Fundación Castelao que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia fundación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.



6. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera de especial interese para fomentar a lingua e a cultura galegas as actividades que desenvolve a Fundación Castelao e, dado que teñen intereses comúns e coincidentes, desexan colaborar conxuntamente na realización de diversas actividades arredor da súa vida e obra .

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2026, que rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación Castelao para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da súa obra.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra literaria, a obra gráfica e a figura humana de Castelao, así como para darlle continuidade ao labor realizado por este intelectual e pensador galego nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galegas.

Segunda. Obrigas da Fundación Castelao

No marco do convenio de colaboración, está prevista a realización das seguintes actividades:

1. Elaboración e difusión de cápsulas formativas virtuais sobre Castelao.

Deseño de materiais científico-divulgativos e elaboración de cápsulas formativas sobre Castelao. Esta actividade ten como obxectivo a creación de contidos e materiais científico-divulgativos sobre a figura e o legado de Castelao, mediante tarefas de documentación, investigación e deseño de cápsulas formativas en formato dixital. Así mesmo, inclúe accións



de organización e difusión dos arquivos da Fundación Castelao, favorecendo o acceso ao patrimonio documental.

2. Homenaxe e ofrenda floral do 25 de xullo

O 25 de xullo celébrase no Panteón de Galegos Ilustres a homenaxe e ofrenda floral ás galegas e galegos ilustres, entre eles Castelao. Seguindo a tradicional Misa de Rosalía de Castro, a Fundación participa nesta cerimonia dende o ano 1985.

3. Evento conmemorativo efemérides Castelao 2026

Co obxectivo de pór en valor os principais fitos da vida, obra e legado de Castelao, con especial atención ás súas achegas literarias, artísticas e políticas, esta iniciativa conmemorará efemérides significativas, con os 100 anos da publicación do libro *Cousas*. Farase a través de accións divulgativas orientadas a difundir o seu legado e a achegar a súa figura a diferentes públicos e ámbitos sociais.

4. Actividades conmemorativas de 2026: Ano Oteriano, Ano Virxinia Pereira e Alexandre Bóveda.

Desenvolveranse distintas actividades conmemorativas vinculadas ao Ano Oteriano e ás figuras de Virxinia Pereira e Alexandre Bóveda. No marco destas iniciativas organizaranse eventos de carácter divulgativo, cultural e participativo, co obxectivo de difundir o legado histórico, intelectual e humano destas figuras e achegalo a públicos diversos.

5. Cabanillas e Castelao. 100 anos *Da Terra asoballada*.

Neste ano en que se cumpren 100 do libro de poemas *Da Terra asoballada* de Ramón Cabanillas, a Fundación Castelao conmemorará o centenario desta obra fundamental da literatura galega, poñendo en valor a relación intelectual e cultural entre Ramón Cabanillas e Castelao.



A Fundación encargárase de levar a cabo todos os traballos de recompilación de obras e textos, estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra, e aqueloutros que sexan necesarios para promover, preservar e divulgar a súa obra.

A Fundación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas neste convenio.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do convenio.

Quinta. Fondos documentais

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais da Fundación que pasen a constituír a biblioteca e arquivo poderán ser accesibles de maneira gratuíta, a persoas estudosas e investigadoras da obra de Castelao, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Sexta. Financiamento

O importe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **18.750,00 €**, importe que se sufragará coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **15.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.
- A Fundación achegará a cantidade restante de **3.750,00 €**.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No anexo I recóllese o orzamento desagregado das actividades previstas.



Sétima. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a correspondente achega, a Fundación Castelao deberá presentar a documentación telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2026 a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.
- No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30 % do importe total do convenio.



De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude reserva para si o dereito de solicitar canta documentación considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio, así como a realización das actividades de control e seguimento do cumprimento das actividades previstas neste convenio.



Oitava. Imposibilidade de promover a concorrência pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo pola Fundación Castelao, e non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

Novena. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo,



coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Décima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décima primeira. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo segunda . Vixencia



Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo terceira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Castelao.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo cuarta. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo quinta. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo sexta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo sétima. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo novena. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



Vixésima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999), do e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

O presidente da Fundación Castelao

José Carlos López Campos

Miguel Anxo Seixas Seoane



ANEXO I
ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio		
1.ª Elaboración e difusión de cápsulas formativas virtuais sobre Castelao		
Desagregación das liñas de gasto	Importe subvención	Achega Fundación
1. Coordinación	1.800,00 euros	
2. Gastos traslados e dietas	400,00 euros	
3. Documentalista, asesoría técnica, supervisión de textos e traducións	1.500,00 euros	
4. Deseño, maquetación e impresión de materiais divulgativos	2.800,00 euros	
5. Deseño e implementación de novo apartado web		600,00 euros
6. Plan de comunicación e campaña en redes sociais e web	971,62 euros	
7. Actos de presentación pública das cápsulas formativas		600,00 euros
8. Material funxible	400,00 euros	
9. Cesión de dereitos e asesoría xurídica	900,00 euros	
10. Fotografías e gravacións de vídeos e/ou reels	1.200,00 euros	
11. Gastos xerais		558,58 euros
Parciais	9.971,62 euros	1.758,58 euros
TOTAL PARCIAL		11.730,20 euros
2. Homenaxe e ofrenda floral 25 de xullo		
Desagregación das liñas de gasto	Importe subvención	Achega Fundación
1. Coroa floral	100,00 euros	
2. Difusión	120,00 euros	
3. Traslado e dieta	56,00 euros	



4. Gastos xerais 5% (achega Fundación)		13,80 euros
Parciais	276,00 euros	13,80 euros
Total parcial		283,50 euros
3. Evento conmemorativo efemérides Castela 2026		
Desagregación das liñas de gasto	Importe subvención	Achega Fundación
1. Deseño e produción do evento	1.060,00 euros	
2. Montaxe (achega Fundación)		630,00 euros
3. Traslados e dietas	300,00 euros	
4. Honorarios relatores/as	875,00 euros	
5. Comunicación	340,00 euros	
6. Permisos		280,00 euros
7. Gastos xerais 5%		95,00 euros
Parciais	2.575,00 euros	1.005,00 euros
Total parcial		3.580,00 euros
4. Actividades conmemorativas de 2026: Ano Oteriano, Ano Virxinia e Alexandre Bóveda		
Desagregación das liñas de gasto	Importe subvención	Achega Fundación
1. Deseño e produción dos eventos	580,00 euros	
2. Honorarios, dietas e traslados	800,00 euros	
3. Comunicación		242,62 euros
4. Gastos xerais 5% (achega Fundación)		81,13 euros
Parciais	1.380,00 euros	323,75 euros
Total parcial		1.703,75 euros
5. Cabanillas e Castela. 100 anos de Terra asoballada		
Desagregación das liñas de gasto	Importe subvención	Achega Fundación
1. Deseño e produción do evento		580,00 euros
2. Honorarios participantes	600,00 euros	
3. Comunicación	197,38 euros	
4. Gastos xerais 5% (achega Fundación)		68,87 euros
Parciais	797,38 euros	648,87 euros
Total parcial		1.446,25 euros



Parcial achegado pola SXL	15.000,00 euros
Parcial achegado Fundación Castelao	3.750,00 euros



ANEXO II

(Para cubrir pola entidade)

FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Convenio/Título:

Entidade:

N.º proxectos, accións e actividades	Localidades	N.º de persoas destinatarias, beneficiarias	Homes (%)	Mulleres (%)
TOTAL				

